



I CONCURSO DE FOTOGRAFÍAS DE NATUREZA

BASES DO CONCURSO

1- TEMA

Fotografías de calquera tema relacionado coa natureza (paisaxes, plantas, animais, rochas, minerais, organismos microscópicos, etc..)

2- PARTICIPANTES

O concurso está aberto afeccionados e profesionais sen límite de idade.

3- FORMATO

As fotografías, presentaranse impresas en papel, montadas nun passe-partout de 40 x 50 cm, cun grosor mínimo de 1,4 mm e máximo de 2 mm. Ademais, en formato dixital en arquivo informático JPG de 300 ppp. de resolución.

Admítese calquera técnica ou procedemento dixital ou de laboratorio, en cor ou branco e negro.

4- PRESENTACION DAS FOTOGRAFÍAS

Cada participante poderá presentar un máximo de dúas obras orixinais, inéditas e non premiadas noutros concursos.

As fotografías en papel entregaranse dentro das datas indicadas, persoalmente, por correo postal ou mensaxería no Museo de Historia Natural da USC, Parque de Vista Alegre, s/n, 15705 Santiago de Compostela (<http://www2.usc.es/museohn>).

No dorso da fotografía deberá figurar o título da obra e o lema do autor. Aparte, en sobre pechado co título e lema no exterior, achegarase unha folla na que consten o mesmo título e lema, o nome e apelidos do autor, dirección, teléfono, e-mail e ademais, o documento de cesión de dereitos de imaxe e protección de datos (Anexo I, deste documento) debidamente cumprimentado.

Os arquivos informáticos enviaranse por e-mail, no mesmo prazo, a comunicacion.museohistorianatural@usc.es, indicando o lema no texto da mensaxe.

5- PRAZO DE PRESENTACION

O prazo de admisión dos traballos, en papel e por vía telemática, será ata o 31 de maio de 2018 dentro do horario do Museo. Os envíos postais ou por mensaxería admitiranse sempre que a súa data de saída estea dentro deste prazo.

6- FALLO DO XURADO, EXPOSICIÓN E ENTREGA DE PREMIOS

O Xurado seleccionará 30 das obras presentadas, coas que se elaborará un Catálogo e que se expoñerán, en primeiro lugar, no Museo de Historia natural da USC, e posteriormente noutras institucións galegas que o soliciten.

O Xurado adxudicará un primeiro premio de 300 euros, un segundo de 200 euros e un terceiro de 100 euros, entre as 30 fotografías seleccionadas.

Calquera dos premios poderá quedar deserto se a estimación do xurado as obras non reúnen a suficiente calidade.

O fallo do Xurado producirase no mes de xuño de 2018 e darase a coñecer mesmo mes na web da asociación <http://www2.usc.es/museohn/museo/amigos.html>. A entrega dos premios farase no acto de inauguración da exposición das 30 fotografías seleccionadas.

7- XURADO

Será designado pola Xunta Directiva da AAMHN e valorará o interese científico e a calidade artística e técnica das obras así como a súa relación co tema do concurso. O fallo do xurado será inapelable.

8- UTILIZACIÓN POR PARTE DA AAMMHN DAS OBRAS SELECCIONADAS

As tres obras premiadas quedarán en poder da AAMHN, que se reserva os dereitos de reprodución e publicación en calquera soporte ou medio, citando sempre a autoría. As fotografías seleccionadas para a exposición quedarán a disposición da AAMHN durante un período dun ano para poder itinerar a exposición por diferentes salas de Galicia.

A AMMHN utilizará as imaxes facilitadas en formato electrónico polos autores para confeccionar o catálogo da exposición. Así mesmo, poderá eventualmente utilizar algunha(s) das imaxes seleccionadas para a exposición con fins de promoción deste concurso, mencionando sempre a autoría.

9- DEVOLUCIÓN DAS OBRAS

As fotografías non seleccionadas para a exposición poderán recollese a partir do 30 de xuño de 2018 no Museo de Historia Natural da USC.

10- PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade coa Lei Orgánica 15/1999 de Protección de datos de Carácter Persoal e a través do formulario que se adxunta (Anexo I), cada participante presta consentimento para o tratamento dos seus datos persoais que serán incorporados á base de datos d a AAMHN e poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición establecidos na devandita Lei, para o que deberán dirixir a súa petición á seguinte dirección: comunicacion.museohistorianatural@usc.es

11- RESOLUCIÓN DE DÚBIDAS

Calquera dúbida respecto ao concurso pode consultarse, mediante e-mail, dirixido ao seguinte enderezo: : comunicacion.museohistorianatural@usc.es

12- ACLARACIÓNS

Cada concursante só poderá optar a un dos tres premios outorgados polo xurado. O feito de participar supón a aceptación total das bases. A persoa participante manifesta e garante que é a única autora da/s fotografía/s e titular de todos os dereitos de autor sobre a/s fotografía/s que presenta ao concurso. Así mesmo, será responsabilidade da persoa participante solicitar a autorización das persoas que puidesen aparecer en cada fotografía, para a efectiva actividade que se convoca, a menos que dita fotografía fose tomada nun sitio público e na forma legalmente establecida, asumindo toda reclamación polos dereitos de imaxe. Ademais, será a única responsable legal ante calquera controversia que poida xurdir por incumprimento da lei respecto dos dereitos de autor polo uso de imaxes preexistentes. Toda obra que non cumpra os requisitos establecidos nestas bases quedará automaticamente fóra de concurso. A organización non se responsabiliza da perda ou deterioración das obras por causas alleas á súa vontade durante o seu envío, montaxe e exhibición.

ANEXO I

AUTORIZACIÓN

CESIÓN DEREITOS DE IMAXE

Eu D./Dna. _____ Con

D.N.I. _____

Con domicilio en _____ Rúa _____
CP _____

AUTORIZO á Asociación de Amigos do Museo de Historia Natural da USC a utilizar a obra obxecto de participación no I Concurso de Fotografías de Natureza para a súa utilización e difusión en todo tipo de soportes publicitarios físicos ou dixitais (páxina web, redes sociais, e-mail, entre outros) segundo o estipulado nas bases do Concurso.

PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento da normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal, informámoslle que os datos de carácter persoal que nos facilite incluíranse na base de datos da Asociación de Amigos do Museo de Historia Natural da USC, coa finalidade estipulada nas bases do I Concurso de Fotografías de Natureza. En calquera caso, poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, para o que deberá dirixir a súa petición á seguinte dirección: comunicacion.museohistorianatural@usc.es

Así mesmo informámoslle que os datos solicitados non serán utilizados para ningunha outra finalidade da citada no parágrafo anterior. No caso de exercicio do dereito de cancelación a entidade procederá á supresión da información das súas bases de datos.

En _____, a _____ de _____ de 2018

Asinado: